



ROGO PARA O TRASLADO DA EDAR DOS BORNAIS Á ZONA DOS VILARES

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último Pleno celebrado no pasado mes de decembro, o Grupo Municipal Socialista presentou un rogo ao Goberno no que solicitaba a recuperación da inutilizada depuradora de Bornais para ser trasladada “a algún punto do rural da zona norte do Concello”, citando a modo de posibles localizacións os núcleos de Grixoa, Nemenzo, Busto ou Marantes.

Desde o Grupo Municipal Popular compartimos esa iniciativa de aproveitamento dunha instalación existente, que ben podería prestar un valioso servizo en calquera dos numerosos núcleos que a día de hoxe aínda carecen de instrumentos axeitados para o tratamento de augas residuais.

Con todo, consideramos que a prioridade para a localización desa estación depuradora autónoma podería concretarse, dentro da zona norte á que aludía a iniciativa socialista, no núcleo dos Vilares tendo en conta principalmente tres motivos: a demanda veciñal nesa zona, á previsible tardanza na conexión á rede xeral de saneamento do concello cara á estación depuradora de augas residuais (EDAR) do concello na parroquia de Villestro e, sobre todo, porque se podería facilitar moito a súa instalación, contando cos terreos sobrantes da expropiación realizada nesa zona pola Xunta de Galicia para a execución da variante de Aradas. Deste xeito, a través dun acordo co Goberno galego podería simplificarse e axilizarse a posta a disposición deste equipamento para a tratamento das augas residuais.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte Rogo:

Que, en consonancia coa iniciativa presentada polo Grupo Municipal Socialista na pasada sesión plenaria do mes de decembro, se contemple como prioritaria, tanto na necesidade como nas posibilidades para a súa pronta dispoñibilidade, a instalación da inutilizada estación depuradora autónoma procedente de Bornais para prestar servizo á zona dos Vilares, da parroquia de San Caetano.

Santiago de Compostela, a 3 de xaneiro de 2017.


Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela